# REXISTRO E SOLICITUDE NA APLICACIÓN

O acceso á aplicación faise a través do enderezo web https://www.qdsug.es/docentia/udc/

## A. PROFESORADO QUE ACCEDE POR 1ª VEZ Á APLICACIÓN

### 1. REXISTRO NA APLICACIÓN

Antes de cubrir a súa solicitude ten que se rexistrar. Para iso, unha vez que acceda, debe premer en “Rexistro solicitantes”




Deseguido, aparécelle o seguinte formulario:



Debe introducir introducir o seu **DNI (sen puntos, sen guións, sen espazos e coa letra maiúscula)** e o **enderezo de correo electrónico (o que lle asignaron en https://servizos.udc.es)** e recibirá unha mensaxe coa súa clave de acceso á aplicación (esta será a que ten que utilizar sempre ao longo de todo o proceso).
A mensaxe remítese desde un enderezo externo á UDC (info@qdsug.es), polo que adoita entrar na bandexa de correo non desexado.

## 2. ACCESO Á SOLICITUDE




Para poder acceder á solicitude terá que se autenticar indicando:

**USUARIO**: vai ser sempre o seu DNI (sen puntos, sen guións, sen espazos e coa letra maiúscula)
**CLAVE**: a que recibiu a través do correo electrónico
**ROL**: solicitante

## B. PROFESORADO QUE FOI AVALIADO EN CONVOCATORIAS ANTERIORES

## 1. ACCESO Á SOLICITUDE

Este profesorado xa está rexistrado na aplicación e para acceder á solicitude terá que se autenticar indicando:

**USUARIO**: vai ser sempre o seu DNI (sen puntos, sen guións, sen espazos e coa letra maiúscula)
**CLAVE**: a que utilizou na última convocatoria en que foi avaliado/a.
**ROL**: solicitante

En caso de que non lembre a clave, debe premer en "Lembrar clave"




Deseguido, aparécelle o seguinte formulario:




Debe introducir o seu **usuario** (**DNI sen puntos, sen guións, sen espazos e coa letra maiúscula)** e o **rol (solicitante)** e, no seu correo electrónico, recibirá unha mensaxe coa clave de acceso á aplicación (esta será a que ten que utilizar sempre ao longo de todo o proceso).

A mensaxe remítese desde un enderezo externo á UDC (info@qdsug.es) polo que adoita entrar directamente na bandexa de correo non desexado.